



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE MAIO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezoito de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 10 de maio de 2022 e da sesión extraordinaria e urxente do día 12 de maio de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 12 de maio de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 3 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Maires e Persoas con Discapacidade, pola que se publica a Resolución do 2 de maio de 2022 pola que se finaliza o procedemento de concesión de subvencións destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá para o ano 2022, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2022 (código de procedemento BS700A). (Diario Oficial de Galicia número 91, do 11 de maio de 2022).

Dentro do Programa I. *Consolidación dos servizos de atención temperá*, figura un importe máximo de 44.520,91

euros, por accións subvencionadas ao Concello de Cambre.

- Decreto 54/2022, do 28 de abril, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 91, do 11 de maio de 2022).

- Decreto 58/2022, do 15 de maio, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 94, do 16 de maio de 2022).

- Anuncio do 26 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican os acordos de incoación de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVID/CAMBRE/0427). (Diario Oficial de Galicia número 94, do 16 de maio de 2022).

- Anuncio do 27 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican os acordos de incoación de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVID/CAMBRE/0064 e tres máis). (Diario Oficial de Galicia número 94, do 16 de maio de 2022).

- Anuncio do 27 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican os acordos de incoación de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVID/CAMBRE/0096). (Diario Oficial de Galicia número 94, do 16 de maio de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 6 de maio ao día 12 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 807/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 861/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
807/2022	06-05-2022	Comparecencia no Xulgado do Social nº 7 da Coruña, procedemento 203/2022 de J.A.V.M. contra a empresa Osventos Inovación en Servizos, SL e o Concello de Cambre.
808/2022	06-05-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de maio de 2022
809/2022	06-05-2022	Concesión tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a S.A.V.
810/2022	06-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola execución de movementos de terras en terreos sitios en Quintán, Cecebre, que non se axustan aos criterios establecidos na licenza concedida. Titular: J.F.G. e E.F.R.
811/2022	06-05-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentos a K.A.T.B., por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
812/2022	06-05-2022	Convalidación da omisión de fiscalización do outorgamento de subvención e aprobación do convenio de colaboración coa Cruz Vermella para desenvolver o programa de reparto de alimentos 2022.
813/2022	06-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola execución de movementos de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		terras en terreos sitos en Quintán, Cecebre, que non se axustan aos criterios establecidos na licenza concedida. Titular: L.R.D.
814/2022	06-05-2022	Expediente sancionador pola demolición da totalidade dunha vivenda unifamiliar en Altamira, Anceis. Propietario: J.M.V.F. e N.M.V.R.
815/2022	06-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a C.A.R.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
816/2022	06-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a O.H.O. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
817/2022	06-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a P.M.E. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
818/2022	06-05-2022	Devolución de fianza presentada por construción de vivenda unifamiliar na Xira, Sigrás. Promotor: J.J.B.G.
819/2022	06-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.C.M.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
820/2022	06-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a Y.C.Q.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
821/2022	06-05-2022	Resolución nomeamento técnico de integración social por substitución transitoria
822/2022	06-05-2022	Resolución nomeamento axente de protección civil por substitución transitoria do titular do posto
823/2022	06-05-2022	Expediente sancionador a J.C.G. por realización de obras de reforma de vivenda sita en Fraís, Cecebre.
824/2022	06-05-2022	Concesión axuda emerxencia social recibos auga e gas a M.E.G.
825/2022	06-05-2022	Denegación axuda emerxencia social lentes correctoras a J.L.T.O.
826/2022	06-05-2022	Denegación axuda emerxencia social recibo auga a Y.G.H.H. por non ser titular do contrato de aluguer
827/2022	06-05-2022	Desistencia da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a E.C.M.
828/2022	06-05-2022	Reposición da legalidade urbanística por realización de obras de reparación da cuberta da casa rectoral de Cambre. Propiedade: Arcebispado de Santiago de Compostela
829/2022	06-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a N.G.S.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
830/2022	06-05-2022	Devolución de ingresos indebidos a J.C.L. por revisión da factura da auga (4º trimestre 2020) por avaría.
831/2022	09-05-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 10.436,09 €
832/2022	09-05-2022	Aprobación da concesión de bolsas para deportistas 2021
833/2022	09-05-2022	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 439,24 euros
834/2022	09-05-2022	Inadmisión do recurso de reposición interposto por J.A.F.S. o 6 de abril de 2022 contra a resolución núm. 1990/2021, do 12 de novembro, do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, pola que se concedeu licenza municipal para realizar un recheo no lugar de Quintán, Cecebre
835/2022	09-05-2022	Xustificación do Convenio Adra 2021
836/2022	09-05-2022	Orden de execución pola existencia das baixantes de augas residuais domésticas do edificio sito nos Campóns, Sigrás, sen conectar á rede xeral. Titulares: J.M.R. e M.J.M.V.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

837/2022	09-05-2022	Incorporación de remanentes 19/2022
838/2022	09-05-2022	Licenza de segregación de terreo sito en Fraís, Cecebre. Promotor: R.A.V.P.
839/2022	09-05-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde, dona Lúa Sanguinheiro Álvarez, dende o día 10 ao 16 de maio de 2022, ambos os dous incluídos
840/2022	10-05-2022	Proposta de reintegro do importe non xustificado da subvención para a contratación de persoas perceptoras da RISGA, núm. exp: TR351F 2017/16-1.
841/2022	10-05-2022	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención municipal relativos á concesión dos premios do XX Torneo de xadrez "Agosto en Cambre" 2021 e do II Torneo de xadrez "Cambre Blitz" 2021
842/2022	10-05-2022	Expediente de transferencia de crédito 3/2022
843/2022	11-05-2022	Resolución convenio colaboración entre o Concello de Cambre e Concello de Pontedeume en materia de Policía Local.
844/2022	11-05-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de abril e o seu pagamento.
845/2022	11-05-2022	Actividade celebración Letras Galegas CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás
846/2022	11-05-2022	Expediente núm. 20/2022 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 ao exercicio 2022.
847/2022	11-05-2022	Multas de tráfico - 99500000025723 Resolución sancionadora
848/2022	11-05-2022	Autorización apertura urna perimetral número 95, letra C, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver do seu titular don A.P.M.
849/2022	11-05-2022	Autorización apertura de urna perimetral número 223, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, o día 25 de abril de 2022, co fin de inhumar as cinzas de don M.G.O.
850/2022	11-05-2022	Revisión de factura de auga por avaría de M.C.M.S.
851/2022	11-05-2022	Autorización de voda civil para o 13 de maio de 2022
852/2022	11-05-2022	Aprobación gratificacións clubs de Chave por participación no XXXVI Torneo de chave
853/2022	11-05-2022	Concesión premios torneos de xadrez 2021
854/2022	11-05-2022	Adxudicación do servizo para a realización das actividades que se desenvolverán no marco do evento "Verdeando en Cambre"
855/2022	11-05-2022	Resolución abono liquidación vacacións G.G.B.
856/2022	11-05-2022	Aprobación xestión padroal altas ano 2021
857/2022	11-05-2022	Aprobación xestión padroal baixas ano 2021
858/2022	12-05-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 12 de maio de 2022
859/2022	12-05-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 79.001,83 euros
860/2022	12-05-2022	Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
861/2022	12-05-2022	Reposición da legalidade urbanística por non ter reparado o pavimento da beirarrúa en Isaac Peral, 31, polígono Espírito Santo (Cecebre), requisito esixido na licenza municipal de canalización concedida por Resolución do concelleiro de data 21 de decembro de 2020 . Propiedade: Telefónica de España S.A.U.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da seguinte proposta:

- Aprobación do expediente número 2022/C004/000025, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) do servizo de produción e contratacións artísticas do XXX Festival Rock in Cambre 2022

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

- Aprobación do expediente número 2022/C004/000025, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) do servizo de produción e contratacións artísticas do XXX Festival Rock in Cambre 2022

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 12 de maio de 2022 elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, o informe técnico relativo á proposta de contratación, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución do contrato, así como o prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de produción e contratacións artísticas do XXX Festival Rock in Cambre 2022, cun valor estimado de 108.576,32 euros e un orzamento base de licitación de 131.377,34 euros, IVE incluído.

Con data do 16 de maio, asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento.

Consta documentos de retención de crédito asinado o 3 de maio de 2022 respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 334.22609.

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 e seguintes da LCSP.

Consta na memoria e máis no prego de prescricións técnicas o orzamento base de licitación do contrato para 1 ano, así como o valor estimado: Orzamento base de licitación: 108.576,32 euros (prezo sen IVE) + 22.801,03 euros (IVE do 21%) = 131.377,34 euros.

O valor estimado do presente contrato fíxase en 108.576,32 €, correspondente ao importe total sen incluír o imposto sobre o valor engadido, iso a teor do establecido no artigo 101.1.a) LCSP.

Xustifícase a non división en lotes do contrato en que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico, así como a que a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións podería verse imposibilitada pola súa división en lotes, isto de conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP.

Consta a Providencia de inicio, de data 16 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Consta, igualmente, informe proposta emitido pola secretaria accidental e interventor con data de 16 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se persegue fomentar entre os veciños do concello e a comarca (especialmente os máis novos), un aproveitamento máis racional do ocio e tempo de lecer, apoiar aos mozos e mozas creadores, e facilitar o acceso ás manifestacións artísticas e de consumo cultural, á vez de promocionar novos valores no terreo artístico da música, e acercar ao público máis novo a eventos de carácter cultural e lúdico, dando cumprimento ás competencias que ten atribuídas o Concello, de conformidade co establecido no artigo 25.2 l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (o Concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "... ocupación do tempo libre; promoción da cultura..."), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C004/000025, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente ao servizo de produción e contratacións artísticas do XXX Festival Rock in Cambre 2022, cun valor estimado de 108.576,32 euros e un orzamento base de licitación de 131.377,34 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por importe de 131.377,34 euros por conta da aplicación orzamentaria 334.22609.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

- O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
- O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.
- A dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado e, como suplente, a coordinadora deportiva, dona Cristina Sanmartín Sánchez.
- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López